

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 3 de outubro de 2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	Grao en Dirección e Xestión Pública
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación
Resultado do proceso de seguimento	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación Xeral do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster da ACSUG de xullo de 2015”.

Cumprimento do proxecto establecido:

En xeral, o conxunto de evidencias e indicadores aportados polo título proporcionan información suficiente sobre a implantación do título.

Así mesmo, en xeral, a información pública está completa.

Deben incluír rexistros na aplicación do SGIC, e facer unha análise máis fonda das taxas académicas cos valores menos satisfactorios como a taxa de abandono ou graduación.

Plan de melloras do título:

En xeral, o plan de melloras presentado polo título recolle os seus puntos febles máis importantes e inclúe accións de mellora coherentes para a súa solución.

Non hai accións de mellora desde o curso 13-14, podería ser recomendable facer unha reflexión cada curso e incluír neste plano as accións de mellora que xorden.

Vigo, a 3 de outubro de 2017



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input checked="" type="checkbox"/> C	

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	A
Sistema de Garantía de Calidade	B
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	A
Resultados de Aprendizaxe	C
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B

Plan de Melloras

Desenvolvemento	B
Seguimento	A
Coherencia	B

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
1.- Guías docentes das materias. <i>Fonte: Docnet e Memoria da titulación</i> E4: Guías docentes das materias	<p>Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se información é coherente coa memoria da titulación. (indicar neste campo las materias elixidas)</p> <p>Se houberse algún apartado sen información ou información incoherente, pódese comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Incumprimentos puntuais (non en todas as materias nin en todos os campos).</p>
	<p>Descrición da avaliación: Elixíronse as seguintes materias:</p> <p>1.- A materia “Economía” Non coinciden as competencias da memoria e da guía docente.</p> <p>2.- A materia “Ciencia política IV: Sistemas políticos español y gallego”. Coinciden as competencias da memoria e da guía docente.</p> <p>3.- A materia “Derecho administrativo I”: non coinciden as competencias da memoria e da guía docente.</p> <p>4.- A materia “ Grado en Dirección y Xestión Pública Xestión pública e organización de servizos públicos” so está en Galego.</p>

2.- Informe de Coordinación Fonte: SGIC	Analizar no rexistro do SGIC “ R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación ” (Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0201 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza) os mecanismos de coordinación docente. Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Mecanismos de coordinación desenvolvidos e informe elaborado.
	Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> Mecanismos de coordinación desenvolvidos.

1.1.1 Valoración do Criterio:

1 Organización e Desenvolvemento **B**

1.1.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	E4	Ter as guías docentes en galego e castelán. Hai erros esporádicos das competencias entre a memoria vixente e a guía docente	Si

1.1.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
Faise referencia a unha materia inexistente no Grao, denominada: “Grado en Dirección y Xestión Pública”, sobre a que se alega que soamente está en galego.	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Certamente, houbo un erro de identificación da materia cuxa guía docente so está galego. A correcta é <i>Xestión pública e organización de servizos públicos</i>.</p> <p>Considérase que a cualificación de B segue sendo axeitada, polos erros ou carencias detectados nas guías docentes. Faise necesaria unha revisión xeral para mellorar a cualificación en vindeiros seguimentos.</p>

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

Evidencias	Descrición
3.-Páxina web da Universidade, centro ou título	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> • TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.) • Horarios, aulas e calendarios de exames. • Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade • Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.) • Informe de revisión pola dirección <p>Suxestión de valoración Fortaleza: Información clara, accesible e actualizada.</p>
	<p>Descrición da avaliación:</p> <p>Información da organización académica da titulación: Verifícase que a información pública da estrutura do programa formativo da titulación esta Dispoñible. Existe información actualizada dos horarios, aulas e calendarios de exames.</p> <p>Información do SGC: A información do manual, procedementos, política e obxectivos de calidade está dispoñible e actualizada.</p> <p>Información dos recursos humanos e materiais: A información do profesorado número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.) é útil e intuitiva. A información do persoal de apoio por centro e dos recursos materiais do título é útil e intuitiva e actualizada.</p> <p>Información dos resultados: Hai información pública do título do Informe de Revisión pola Dirección.</p>

1.2.1 Valoración do Criterio:

2 Información e Transparencia

A

1.2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	E1-E6	Información clara, accesible e actualizada.	Si

1.2.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>Fai referencia a que a información é clara, accesible e actualizada. A puntuación é “B” e non “A” a pesar de que a avaliación non destaca ningún erro e tampouco propón ningunha suxestión de mellora. Logo de considerables esforzos por parte da titulación (GDXP) e do Decanato da FCCSSC neste senso, gustaríanos saber o que precisamos facer para mellorar e obter unha puntuación de “A” neste apartado. O mesmo acontece sobre o criterio 5, malia que a única información incorporada como xustificación do resultado é que “hai una reflexión completa, se evidencian valores medios/altos, e se realizaron acción de mellora nos últimos cursos”. Se fala de resultados óptimos pero non se estima segundo esa cualificación. Se solicita puntuación “A”.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Admítese a alegación e modifícase a cualificación de B a A, pola inexistencia de carencias detectadas e/ou de recomendacións para a mellora.</p>

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
<p>4.- Actas do último curso da Comisión de Calidade: <i>Fonte: Evidencia 5 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Evidenciase nas actas que os asuntos tratados na comisión xorden da implantación e son útiles para a mellora da calidade da titulación.</p> <p>Descrición da avaliación: Comprobouse nas actas que hai asuntos tratados na Comisión que xorden da implantación dos procedementos. E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade</p>
<p>5.- Documentación do SGIC <i>Fonte: SGIC</i></p>	<p>Comprobar estes 2 rexistros de procedementos na aplicación para comprobar a implantación do SGC.</p> <ul style="list-style-type: none"> • R1 DO 0203 P1 Plan de acción tutorial (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0203 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza</i> • R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0202 P1 Promoción de las titulaciones</i> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Falta un procedemento actualizado e coa información apropiada.</p> <p>Descrición da avaliación: Comprobouse na aplicación do SGIC os rexistros dos seguintes procedementos (E05-E7-E8. Documentación do SGIC):</p> <ul style="list-style-type: none"> • R1 DO 0203 P1 Plan de acción tutorial (anual). Se evidencia que se ha implantado el procedimiento e o centro realiza o informe anual. No rexistro non funcionan correctamente os links de enlace os documentos. (rexistro na plataforma do SGIC). • R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro (anual) Se evidencia que se ha implantado el procedimiento e o centro realiza o plan de promoción do Centro. No rexistro non funcionan correctamente os links de enlace os documentos. (rexistro na plataforma do SGIC).

1.3.1 Valoración do Criterio:

3 Sistema de Garantía de Calidade	B
------------------------------------------	----------

1.3.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	E30	Nas actas hai asuntos tratados na Comisión que xorden da implantación dos procedementos. E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Sí
Recomendacións para a mellora	E05	Introducir na aplicación os links o rexistros que xorden da implantación dos procedementos e introducir de forma sistemática e continuada os rexistros na aplicación.	Sí

1.3.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>Se evidencia logo da súa comprobación, que nas actas hai asuntos tratados na Comisión que xorden da implantación dos procedementos.</p> <p>Cúmplese o sistema, malia que no momento da consulta para verificar o rexistro, o link non funcionou. Coidamos que puntuar por este erro informático con un “C” e non “B”, é moi esixente. Se verifica que o mesmo tivo acontecido co Grao de Publicidade e de Comunicación Audiovisual, polo que máis que ser un incumprimento no Grao (GDXP) ou no sistema de Calidade da Facultade (FCCSSC), é un problema de accesibilidade ou informático. Se solicita puntuación “B”.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>As actas da CGIC xa foran cualificadas como Fortaleza, sen influir na valoración de C.</p> <p>Admítese a alegación, e cualifícase como B o criterio. Recoméndase en vindeiros informes de seguimento revisar que as evidencias están subidas á aplicación do SGIC, e que as ligazóns a evidencias non quedan rotas.</p>

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
6.- Plan de Ordenación Docente <i>Fonte: Evidencia 15 do Auto informe de Avalía</i>	<p>Analizar na evidencia N°15 do auto informe o número e a categoría do profesorado, e se o número de profesores por materia e razoable.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Categoría do profesorado e distribución de profesorado por materia óptimo.</p>
	<p>Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> Categoría do profesorado e distribución de profesorado por materia óptimo</p>
7.- Resultados da EAD <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados as enquisas de avaliación da docencia e no informe de revisión pola dirección</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión.</p>
	<p>Descrición da avaliación: <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión nin hai análise dos resultados da EAD, facer a análise máis fonda no informe de revisión pola dirección.</p>

1.4.1 Valoración do Criterio:

4 Recursos Humanos

B

1.4.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Non Conformidade	E27	Recoméndase completar a análise da EAD	Sí

1.4.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>No apartado E15 do informe de seguimento, soamente se solicita información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). Non se require “INFORME”, como sí se fai noutros ítems como no E17, E25, E29, E30.</p> <p>Asemade, pódese constatar que ademais da información requirida, apórtase información engadida (crecemento do profesorado doutor, publicacións/proxectos/premios relevantes da maioría do profesorado, etc.) co que se pretendía reflectir precisamente o esforzo pola formación e a transferencia dos resultados dos persoal docente do Grao.</p> <p>Tamén, os aspectos de <u>avaliación da docencia</u> son reflectidos no apartado E17; o grao de satisfacción dos docentes no apartado I4/e I8; a crecente participación do profesorado en planes de formación no I6; os indicadores de mobilidade do profesorado no I10, etc.</p> <p>Asemade queremos engadir que non pode haber máis reflexión porque non se recibe a enquisa de avaliación docente pola Universidade de Vigo. Si a categoría de profesorado por materia é óptimo, a pregunta tamén é por qué a cualificación é “C” e non “B”. É por iso que se solicita puntuación “B”.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>A categoría e distribución de profesorado por materia xa foran cualificadas como Fortaleza, non influíndo en todo caso na cualificación global de C.</p> <p>Ao non existir nin análise nin reflexión sobre os resultados das EAD, en canto á análise da conformidade dos recursos humanos, respecto aos recollidos na Memoria vixente, é unha non conformidade, que estaría cualificada como D.</p> <p>Ao ser fortaleza (A) o primeiro elemento, a cualificación do criterio foi de C.</p> <p>Ao non estar dispoñibles as EAD para poder facer a reflexión, e deixar constancia na Revisión pola Dirección, admítese a alegación. Unha reflexión similar á que se recolle na alegación (E17/I4/I6/I8/I10...) é o que se podería deixar reflexado no Informe de Revisión pola Dirección. Modifícase a cualificación a B, por ter recollida a reflexión mínima na alegación, e as causas da non existencia da análise das EAD no IRPD.</p> <p>Recoméndase recoller a análise máis desenvolvida, así como, se fora o caso, as accións de mellora, nas vindeiras Revisións pola Dirección.</p>

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
8.- Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p>Suxestión de valoración Fortaleza: Hai unha reflexión completa</p> <hr/> <p>Descrición da avaliación: Fortaleza: Hai unha reflexión completa. Se evidencian valores medios/altos. Realizáronse accións de mellora nos últimos cursos.</p>

1.5.1 Valoración do Criterio:

5 Recursos Materiais e Servizos **A**

1.5.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	E30	Hai unha reflexión completa. Se evidencian valores medios/altos. Realizáronse accións de mellora nos últimos cursos.	Sí

1.5.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>Xa se fixo referencia no criterio 2º, que neste punto se fai referencia a que a información é clara, accesible e actualizada. A puntuación é “B” e non “A” a pesar de que a avaliación non destaca ningún erro e tampouco propón ningunha suxestión de mellora. Logo de considerables esforzos por parte da titulación (GDXP) e do Decanato da FCCSSC neste senso, gustaríanos saber o que precisamos facer para mellorar e obter unha puntuación de “A” neste apartado. O mesmo acontece sobre o criterio 5, malia que a única información incorporada como xustificación do resultado é que “hai una reflexión completa, se evidencian valores medios/altos, e se realizaron acción de mellora nos últimos cursos”. Se solicita puntuación “A”.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Admítese a alegación e modifícase a cualificación de B a A, pola inexistencia de carencias detectadas e/ou de recomendacións para a mellora</p>

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
9.- Listaxe de Traballos Fin de Grado/Mestrado <i>Fonte: Evidencia 24 do Auto informe de Avalía</i>	Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Hai unha distribución de cualificacións razoable. Descrición da avaliación: Fortaleza: Hai unha distribución de cualificacións razoable. A información proporcionada sobre os TFM no autoinforme de seguimento é completa. A distribución das cualificacións semella razoable, permitindo a discriminación entre traballos. Taxa de gradación (39,02%) desta materia moi baixa, no informe mencionase o problema.
10.- Indicadores por materia <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	Valorar a análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia no <u>informe de revisión pola dirección</u> Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes. Descrición da avaliación: Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias (AC-E08- Cualificación de cada unha das materias). A materia TFG ten as taxas máis baixas, realizar análise máis fonda. “presenta un elevado número de materias con indicadores por debaixo da media da titulación”. É necesaria máis reflexión”.

1.6.1 Valoración do Criterio:

6 Resultados de Aprendizaxe **C**

1.6.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	E28	Materias con taxas baixas sen análises detidas	Non
Recomendacións para a mellora	E28	Facer análise das taxas de avaliación e rendemento do TFG.	Non
Fortaleza	E25	A distribución das cualificacións é razoable	Non

1.6.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
<p>11.- Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción no informe de revisión.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Reflexión completa e valores salientables.</p> <p>Descrición da avaliación: Reflexión completa e valores salientables</p>
<p>12.- Resultados asociados á política e obxectivos de calidade <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC no <u>informe de revisión pola dirección</u>.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou os resultados non acaden as metas e non xorden accións de mellora.</p> <p>Descrición da avaliación: Hai unha reflexión incompleta e os resultados non acaden en moitos indicadores as metas e non xorden accións de mellora. Valorar o cambio dos mínimos dos obxectivos de calidade nos indicadores que non se alcanzan.</p>
<p>13.- Resultados académicos globais <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección.</i></p>	<p>Valorar os resultados globais da titulación no informe de revisión pola dirección</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: Os resultados dos indicadores son satisfactorios, aínda que algún deles non consegue os obxectivos de calidade da titulación: Taxa de abandono (obxectivo <20% obtido 37.5) e de gradación (>60% obtido 39.02). Poderíase facer unha reflexión sobre os datos históricos no informe de revisión pola dirección. Valorar o cambio dos mínimos dos obxectivos de calidade nos indicadores que non se alcanzan.</p>

1.7.1 Valoración do Criterio:

7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento B

1.7.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Informe de Revisión pola Dirección	Poderíase facer unha reflexión sobre os datos históricos no informe de revisión pola dirección. Valorar o cambio dos mínimos dos obxectivos de calidade nos indicadores que non se alcanzan.	Non
Recomendacións para a mellora	I11 e I12	Poderíase completar coa reflexión sobre os datos históricos de cada un dos indicadores, para coñecer a súa evolución	Non

1.7.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input checked="" type="checkbox"/> Conforme excelente	<input type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input checked="" type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse as accións desenvolvidas, o seguimento das accións dos cursos anteriores e a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendación para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa.

Cuestións	Descrición
1.- Desenvolvemento Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<p>Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai algúns puntos febles atopados que non teñen accións de mellora asociada.</p> <p>Descrición da avaliación: Hai algúns puntos febles detectados que non teñen accións de mellora asociadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Introducir de forma sistemática e continuada rexistros na aplicación SGIC. - Non hai análise fonda da EAD. - Resultados das enquisas de satisfacción do alumnado baixos, e sen análises detidas
2.- Seguimento As accións de mellora que xurdiron o curso pasado desenvolvéronse de forma axeitada	<p>Descrición da avaliación: Valorar o grado de cumprimento e os resultados acadados das accións de mellora do curso pasado. Valorarase de xeito especial aquelas que xurdiran de procesos de avaliación externa.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Evidenciase que todas as accións de mellora do curso pasado teñen un seguimento.</p> <p>Fortaleza: Evidenciase que todas as accións de mellora do curso pasado teñen un seguimento.</p>

<p>3.- Coherencia As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?</p>	<p>Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora.</p> <p>Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora</p> <p>Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora</p> <p>Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración</p> <p><u>Recomendacións para a mellora:</u> As accións de mellora de xeito puntual non son capaces de solucionar o problema.</p>
	<p>As accións de mellora de xeito puntual semella que non son capaces de solucionar o problema. Suxírese concretar con algún exemplo...</p>

2.1 Valoración do Criterio:

Desenvolvemento	B
------------------------	----------

Seguimento	A
-------------------	----------

Coherencia	B
-------------------	----------

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	E12	Hai algúns puntos febles atopados que non teñen accións de mellora asociada.	Si
Recomendacións para a mellora	E12	As accións de mellora de xeito puntual semella que non son capaces de solucionar o problema. Suxírese concretar con algún exemplo...	Si

2.3 Alegacións do Plan de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>Teremos en conta para levar a cabo a suxestión de facer <u>máis</u> propostas de melloras, malia que queremos salientar, novamente, que moitas delas pódense evidenciar que moitas delas fóronse facendo segundo se detectaron algúns problemas. Reflictese claramente nas ACTAS da CAG GDXP, no Informe da Coordinadora do Grao en informes específicos (PAT) ou a implementación de novos regulamentos ou procedementos.</p> <p>Así, por exemplo, incorporouse un regulamento para o alumnado de semipresencialidade, creouse a figura de coordinación de PATs para que supervise a labor mensual dos docentes encargados do PAT de cada curso (para facer un seguimento máis constante e pormenorizado), ou se puxo a andar o plan de internacionalización ao incorporar materias do Grao en Dirección e Xestión Pública en inglés, para mellorar as competencias do alumnado e atraer a alumnado estranxeiro.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Non se recomendaba facer máis propostas de mellora, senón incluír accións de mellora alomenos para todos os puntos febles detectados, tales como: Introducir de forma sistemática e continuada rexistros na aplicación SGIC; non hai análise fonda da EAD; resultados das enquisas de satisfacción do alumnado baixos, e sen análises detidas</p> <p>Considérase que a cualificación de B en desenvolvemento e coherencia do Plan de Melloras segue sendo axeitada.</p> <p>Con todo, modifícase a cualificación parcial de B a A do Seguimento do Plan de Melloras, ao ser cualificado como Fortaleza.</p> <p>A puntuación global do Plan de Melloras pasa a A.</p>